



Concello de Mugaros
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRAINCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS 2024 (ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugaros para a participación na prevención e defensa contraincendios forestais para o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020).

Pola presente dáse publicidade ao Decreto 2024-0838 (Resolución Área de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior) de data 12/07/2024 declarando deserto o presente proceso selectivo:

“Visto o expediente que se tramita para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contraincendios forestais do Concello de Mugaros 2024 (ao abeiro do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Mugaros, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020), mediante o sistema de concurso-oposición libre, sendo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 112, de data 11.06.2024.

Tendo en conta a Cláusula oitava do convenio mencionado, na que se indica que cada brigada deberá estar composta por: 1 xefe/a de brigada, unha persoa coa categoría de peón condutor e tres persoas coa categoría peón de brigada, no suposto de non poder cubrir os postos sinalados non se podería constituír a brigada.

Visto o resultado do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo realizado o día 5 de xullo de 2024 no que ningunha persoa candidata á praza de xefe de brigada superou a proba, en exercicio das funcións delegadas mediante Decreto de Alcaldía núm. 2023-0615, de 26.06.2023, **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar deserta a convocatoria efectuada para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugaros 2024, dado que ningún aspirante á praza de xefe de brigada superou o primeiro exercicio, e en consecuencia non é posible compoñer a brigada segundo establece o Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mugaros para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2023 – 2024.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugaros
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Segundo.- Proceder á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web municipal, así como de xeito complementario no portal de transparencia “

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que realicen.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución xunto coa documentación complementaria que así sexa requirida á Consellería de Medio Rural

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe
O concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade, e Réxime Interior
(Delegación R.A nº 2023-0615, de 26.06.2023)
José Miguel Mahía Prados

